

## TAREFAS PARA 3º - SEMANA DO 27 AO 30 DE ABRIL

Ola de novo meus [nen@s](#) de 3º. Como vai todo? Estou segura de que estaredes moi [content@s](#) porque onte, por fin, pudestes saír un pouquiño á rúa. Lembra de sempre saír respectando todas as medidas de seguridade, penso que xa o estades facendo.

Aquí tedes unha nova entrega de tarefas para que vaiades facendo ao voso ritmo. Están organizadas por asignaturas e para cada día (esta semana só 4 días, xa que o venres é día non lectivo). As fichas non é necesario imprimilas, podedes resolvelas na libreta que corresponde.

Volvo deixarvos o meu correo por se precisades contactar comigo:  
[risantamaria@edu.xunta.es](mailto:risantamaria@edu.xunta.es)

MOITO ÁNIMO!!!!

### LUNS, 27-04-2020

- **Matemáticas:** ficha 5, operaciones.
- **Lingua Galega:** ler a ficha 1, Unha escola sobre a auga. Despois facer as actividades (da 2 á 9) na libreta.
- **Lingua Castelá:** ficha 2, palabras antónimas.

### MARTES, 28-04-2020

- **Matamáticas:** ficha 2, problemas.
- **Lingua Castelá:** ficha 2, El sonido z.
- **Lingua Galega:** Copiar o poema “O meu cadelíño” e facer un debuxo relacionado.
- **Ciencias Sociais:** pensa cal é a cidade máis grande que visitaches. Como eran as súas vivendas, as rúas, que servizos había (centros comerciais, hospitais, cines, teatros, zonas industriais,...). Organiza esta información na libreta e terás as CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DAS CIDADES. Podes guiarte polo libro, no apartado “As cidades”.

## MÉRCORES, 29-04-2020

- **Lingua Galega:** facer un ditado de seis ou sete liñas, corrixilo e facer unha oración con cada palabra que tivésedes mal. Se son máis de 8 faltas hai que copiar o ditado enteiro.
- **Lingua castelá:** ler ficha 3, “Comprender un cuento”, despois facer as actividades (da 2 á 7).
- **Ciencias Sociais:** que cidade do mundo che gustaría visitar? Elixo unha, busca en internet ou preguntándolle a algún adulto da túa familia e completa esta información na libreta: país no que está, continente ao que pertence, idioma que falan os seus habitantes, nome dalgún monumento destacado. Podes entrar en Google Earth e ver algo desa cidade.

## XOVES, 30-04-2020

- **Matemáticas:** ficha 8, operacións.
- **Lingua Galega:** mira e escoita o conto “Chocolata” e despois fai un pequeno resumo (máximo 5 liñas) na libreta e un debuxo. O enlace para velo é:  
<https://www.youtube.com/watch?v=AszpKy3yfl>
- **Lingua Castelá:** tenta memorizar o poema “Un ratón sin dientes”, copia as tres primeiras estrofas na libreta e fai un debuxo.